

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 14 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

- D^a. María Jesus Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luis Rico Vereá
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D^a. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. Jose Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Carmen Gomez Otero

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 15:00 horas do día catorce de decembro de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Carmen Gomez Otero.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

A Secretaria da lectura á proposta da alcaldía co teor literal seguinte:

“ (...)

PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 14/12/2015 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2016

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste Concello en data 14/10/2015 con número de rexistro de entrada 2596 para elaborar o Plan de obras e servizos 2016.

Redactados en Novembro 2015 polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 os seguintes proxectos:

“Mejora de caminos en las parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín y otras (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 49.478,53 Euros.

“Mejora de caminos en las parroquias de Boimorto, Arceo y Rodieiros (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 48.450,84 Euros.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente de data 4/12/2015.

Propoño que o Pleno acorde:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar

a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu uso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mejora de caminos en las parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín y otras (Concello de Boimorto)	49.478,53	0,00	49.478,53
Mejora de caminos en las parroquias de Boimorto, Arceo y Rodieiros (Concello de Boimorto)	48.450,84	0,00	48.450,84
SUBTOTAL OBRAS	97.929,37	0,00	97.929,37

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	97.918,59
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	97.918,59

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	97.929,37	0,00	97.929,37
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	97.918,59		97.918,59
T O T A L	195.847,96		195.847,96

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto, 9 de decembro de 2015

O Alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello (...)"

Intervén o Sr. Alcalde para explicar en qué consiste cada actuación do POS 2016 (limpeza de cunetas, rego asfáltico superficial, mellora da rodadura, revestimento de cunetas para pluviais...), así como a ubicación das obras (Carballido, Ponte Brates, Dormeá...).

A continuación o Sr. Alcalde concede a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Raquel Val Vázquez que intervén para preguntar se vaise facer algo en Anguieiro, porque hai problemas nunha finca. A continuación o concelleiro do BNG Don José Luis Rivas Cruz, explica que antes do muiño o rego perde, é necesario que se lles arranxe. Manifesta o concelleiro que existen outras zonas do Concello que sería necesario arranxar.

Sen máis intervencións con seis votos a favor; cinco do grupo municipal do PP, e un voto a favor do membro non adscrito, e cinco abstencións; tres do grupo municipal PSdG-PSOE, e dous do BNG (o concelleiro do BNG D. José Luis Rivas Cruz, explica o sentido da abstención porque lles parece un POS parcial que non vai cara o ben común, senón cara un ben particular e os cartos públicos non están para iso), por maioría o pleno **ACORDOU**:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mejora de caminos en las parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín y otras (Concello de Boimorto)	49.478,53	0,00	49.478,53
Mejora de caminos en las parroquias de Boimorto, Arceo y Rodieiros (Concello de Boimorto)	48.450,84	0,00	48.450,84
SUBTOTAL OBRAS	97.929,37	0,00	97.929,37

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	97.918,59

SUBTOTAL GASTO CORRENTE

97.918,59

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	97.929,37	0,00	97.929,37
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	97.918,59		97.918,59
T O T A L	195.847,96		195.847,96

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

A Secretaría da lectura á proposta da alcaldía, co teor literal seguinte:

“ (...)

PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 14/12/2015 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste Concello en data 14/10/2015 con número de rexistro de entrada 2595 para elaborar o Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Redactados en novembro 2015 polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 e polo arquitecto D. Carlos Rico Caramés colexiado nº 3933 os seguintes proxectos respectivamente: “Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor”, con presuposto de execución por contrata de 30.378,34 euros.

“Ampliación de miniresidencia en Boimorto”, con presuposto de execución por contrata de 236.687,06 euros.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente de data 4/12/2015

Propoño ao Pleno acorde:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes

investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor”	30.378,34	0	30.378,34
“Ampliación de miniresidencia en Boimorto”	236.687,06	0	236.687,06
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	267.065,40	0	267.065,40

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	0	0	0

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	267.065,40	0	267.065,40
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	0	0	0
T O T A L	267.065,40	0	267.065,40

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto, 9 de decembro de 2015

O Alcalde

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello (...)

A continuación intervén o Sr. Alcalde para explicar a obra do “Pintado exterior e peche do patio no C.P.I. Armando Cotarelo Valledor”, “(...) Imos a pintar a fachada do colexio e o patio interior. O color é gris ocre pero dependemos da decisión de Patrimonio (...)”. A continuación continúa o Sr. Alcalde explicando a obra “ Ampliación da Miniresidencia”, e fai referencia ao Plan de Viabilidade, e do balance económico que será positivo, e cubrirase o déficit actual.

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, D, José Luis Rivas Cruz que intervén para dicir que en Boimorto había unha boa costume, que era xusntarse os tres partidos e formar un proxecto compartido. A continuación pregunta por qué o goberno non xunta o POS e o PAI para afrontar unha ampliación maior de 20 ou 25 prazas.

O Alcalde da resposta dicindo que o Concello non pode acudir ao crédito, ao que o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz replica insistindo que o Goberno sí que pode pedilo a unha entidade pública que está ao servizo do Concello. Non facelo sería un auténtico despropósito, debido a que non se estar a facer un pendello senón un proxecto moito maior.

A continuación o alcalde concede a palabra á concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE , Dona Ana Ledo Fernández que intervén para preguntar en qué consisten exactamente as obras da residencia.

O Alcalde dá a palabra á traballadora e actual directora da residencia Dona M^a Teresa Gómez Cea, que explica este extremo.

A continuación o alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que intervén para reclamar que debería haberse tido unha reunión conxunta antes de tomar esta decisión. A continuación intervén a concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Raquel Val Vázquez para solicitar que conste en acta que o día 22 de xullo había unha reunión coa conselleira de Educación para tratar o tema da pintura do colexio. “ (...) Dende o día 14 de agosto nós xa non gobernamos, e agora sí se lles dan os cartos aos amigos do PP (...)”. Continúa o concelleiro do BNG, Don José Luis Rivas Cruz para dicir que se este Concello estivese gobernado por alguén que non fose do PP, a Consellería non daría nin un céntimo. Ademáis, idea a quitarlle ao patio toda a luminosidade. Con vigas e uralita evitades o frío e mantedes a luminosidade.

Intervén o Sr. Alcalde para explicar que existe un acordo do ano 2006 no que participaron a Consellería de Educación e a FEGAMP. Na Disposición adicional cuarta refírese ás obras de mantemento que han de facer os Concellos.

O Alcalde concédelle a palabra á concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE Dona Ana Ledo Fernández, que intervén para explicar que con respecto á residencia non lle dan as contas. Se hasta agora houbo perdas, con nove camas máis e incrementando aos empregados, as contas non dan. Xa estaba feito un proxecto para ampliar a residencia. As obras que se queren facer son un parche, e cando se quera afrontar unha ampliación en serio, haberá que tirar.

A continuación explica o Sr. Alcalde que foi na lexislatura anterior na que se fixo un exceso de gasto, e como consecuencia agora o Concello está limitado para acudir ao crédito.

A continuación intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz para sinalar “ Espero que ésta non sexa unha artimaña para que a residencia non sexa viable”.

A continuación o Sr. Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, Don Luis Rico Vereza que intervén para explicar que no 2006, cando empezou a facer a ruta de Angueiro, con respecto ao POS, ese problema xa existía, non estaba arranxado con Ignacio.

A continuación a concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE intervén para dicir que agora o Concello ten a oportunidade de arranxalo.

A continuación sinala o concelleiro do grupo municipal do PP, Don Luis Rico Verea que deberían de alegrarse de que o colexio se arranxe.

A concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, Dona Sandra Sánchez Íñiguez manifesta que lles gustaría que se arranxase por dentro.

A continuación o Sr. Alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, Don Luis Rico Verea que intervén para dicir que as normas están para cumplilas. Replica a concelleira do grupo municipal do BNG Dona Raquel Val Vázquez que as leis pódense cambiar. A continuación o alcalde concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que intervén para dicir que se as leis hai que cumplilas, as minorías non teñen dereito a gobernar, o que vai en conta da democracia.

Sen máis intervencións, con seis votos a favor; cinco do grupo municipal do PP, e un do membro non adscrito, dous votos en contra do grupo municipal do BNG, e tres abstencións do grupo municipal do PSDG-PSOE, acórdase por maioría:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Pintado exterior y cierre del patio en el C.P.I. Armando Cotarelo Valledor”	30.378,34	0	30.378,34
“Ampliación de miniresidencia en Boimorto”	236.687,06	0	236.687,06
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	267.065,40	0	267.065,40

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	0	0	0

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	267.065,40	0	267.065,40
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	0	0	0

TOTAL 267.065,40 0 267.065,40

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 16:30 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

DILIXENCIA.- Para facer constar que a acta da sesión celebrada polo Pleno da Corporación o día 14 de decembro de 2015, está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070613 ao nº 3070616

A SECRETARIA,

CONCELLO DE BOIMORTO

LIBRO DE ACTAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

DILIXENCIA DE APERTURA.- No día da data procédese á apertura deste LIBRO DE ACTAS O PLENO DA CORPORACIÓN que consta 250 folios, que comprende desde a Serie A nº 3070501 á Serie A nº 3070750, que foron autorizados co selo da Corporación e a rúbrica do Alcalde que subscribe.

Boimorto, 29 de decembro de 2014

Vº e praxe
A Alcaldesa,

A Secretaria,